



FACULTADE DE FILOLOXÍA



Boletín 20

10 de febreiro – 14 de febreiro

TÍTULO: Concerto ‘Scripta manent, verba volant’

DATA: 26 de febreiro

HORA: 19 h.



LUGAR: Auditorio de Galicia

PARTICIPAN: Pauliña, César Morán, Eladio Santos, Alba María, Filólogos de Ataque Escampe (Samuel Solleiro, Miguel Mosqueira, Álex Charlón), Carlos Valcárcel (Proyecto Mourente), Noemi Basanta, Xurxo Souto, Laura Lamontagne, Susana De Lorenzo, Leo De Matamá, Uxía, Alfredo Dourado e Antón Reixa.

Actividades



TÍTULO: Exposición «Iconografía artística de José Ángel Valente (1955-2024)»

DESTINATARIAS: Comunidade universitaria

ORGANIZACIÓN: Decanato da Facultade de Filoloxía, Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal, catedra.valente@usc.gal

DATAS: Do 4 de febreiro ao 31 de marzo

LUGAR: Facultade de Filoloxía. 1.º andar

DESCRICIÓN: Ao longo da súa vida, e incluso despois do seu falecemento, o poeta, narrador, ensaísta e tradutor galego José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000) foi retratado en diversas ocasións e baixo distintas técnicas artísticas (pintura, debuxo, caricatura). Esta exposición é unha pequena mostra dese material que se conserva na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, dirixida por Claudio Rodríguez Fer e creada tras o nombramento do poeta como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela en 1999, durante o reitorado de Darío Villanueva.



Actividades Culturais

TÍTULO: Club de lectura. “Non penses nun elefante rosa”, de Antía Yáñez

DESTINATARIAS: Toda persoa interesada, integrante ou non da Facultade de Filoloxía

ORGANIZACIÓN: Decanato, Comisión de Actividades Culturais, Dolores Vilavedra, María Crespo Cutrín e Claudia Rivas Seivane

CONTACTO: maria.crespo.cutrin@rai.usc.es

LIGAZÓN: [@clublecturafiloloxia.usc](https://clublecturafiloloxia.usc)

DATAS: 11 de febreiro de 2025

LUGAR: Aula D01

HORA: 16.30 h



Actividades Culturais

TÍTULO: CineFilo

ORGANIZACIÓN: Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Catalá

CONTACTO: proxecto.cinefilo@usc.gal; dolors.perarnau@usc.gal

LIGAZÓN: [@CineFilo.USC](#)

DATAS: 11 de fevereiro de 2025

LUGAR: Auditorio da Facultade de Filoloxía

HORA: 17.00 – 20.00 h

DESCRICIÓN: O próximo día 11 de febreiro, CineFilo acollerá o filme vasco *Oreina (Cervo)* de Koldo Almandoz (2018), que contará coa presenza do prof. de Filoloxía Vasca Aritz Galarraga (UCM).

Khalil é un mozo desarraigado que vive na periferia da cidade, alí onde os polígonos industriais conflúen co río e a marisma. Búscase a vida como pode e pasa os días xunto a un vello furtivo, que comparte unha casa na beira do río cun irmán co que non se fala desde hai anos. Nas beiras da marisma, as mareas marcan o tempo do amor e o desamor, da amizade e a vinganza.



Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Conferencia: “Com ser un bon espanyol” (Aritz Galarraga -UCM)

DESTINATARIAS: Todo o público interesado

ORGANIZACIÓN: Área de Filoloxía Catalá

CONTACTO: dolors.perarnau@usc.gal

DATAS: 11 de febreiro

HORA: 10.00-11.00 h

LUGAR: Facultade de Filoloxía, Aula B13

DESCRICIÓN: Gabriel Aresti, un dos principais poetas en lingua vasca, escribiu este poema a Tomás Meabe, político socialista vasco: “Cierra los ojos suave / Meabe / pestaña contra pestaña / solo es español, Meabe, / quien sabe / las cuatro lenguas de España”. Seguindo estes versos de Aresti e percorrendo o seu periplo vital e profesional, Aritz Galarraga, profesor de filoloxía vasca na Universidade Complutense de Madrid, residente en Barcelona, e galegófilo declarado, falará sobre as diferentes maneiras de entender a realidade político-cultural do Estado español, a proximidade e ao mesmo tempo descoñecemento existente entre as chamadas culturas periféricas (catalá, galega e vasca), e o recoñecemento da diversidade cultural como proxecto persoal e político válido para facer fronte aos retos que presenta o mundo na actualidade.



“Com ser un bon espanyol”

Aula B13
Fac. Filoloxía
10 h



DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA



Área de Filoloxía Catalá

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: O estado de divisão e a construção da identidade sul-mato-grossense

DESTINATARIAS: Público geral

ORGANIZACIÓN: Núcleo de Docentes de Português da Faculdade de Filologia

CONTACTO: mariana.killner@usc.es / irenelopez.batalla@usc.es

DATAS: Segunda, 10/02/2025

HORA: 11 horas

LUGAR: Sala DO4

DESCRICIÓN: Nesta aula aberta, ministrada por Erick Leite (PDSE - Universidade Federal do Mato Grosso do Sul e GALABRA / Universidade de Santiago de Compostela), o objetivo é explorar como a separação de Mato Grosso em 1977 influenciou a construção da identidade sul-mato-grossense, marcada pela interação entre elementos culturais locais, como o Pantanal, e as influências do Paraguai. Para ilustrar essas dinâmicas, utilizaremos a canção “Sonhos Guaranis”, de Almir Sater, que reflete a fusão das tradições fronteiriças na formação desse senso único de pertencimento.

Texto de Apoio: BANDUCCI JR, Alvaro. Tradição e ideologia: a construção da identidade em Mato Grosso do Sul. In: MENEGAZZO, Maria Adélia; BANDUCCI JR., Alvaro (orgs.). *Travessias e limites: escritos sobre identidade e o regional*. Campo Grande, MS: Ed. UFMS, 2009.



FACULDADE DE FILOLOXÍA



**O estado de divisão
e a construção
da identidade
sul-mato-grossense**

**AULA ABERTA com
ERICK LEITE**
(UFMS)

**SEGUNDA, 10/02/2025
11h, DO4**

Organiza: Núcleo de Docentes de Português da Faculdade de Filologia

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

ORGANIZACIÓN: Instituto da Lingua Galega

CONTACTO: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

DATAS: 19-20 de xuño, 2025

LUGAR: Facultade de Filoloxía

PÁXINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade>


DESCRICIÓN:

Aberto ata o **28 de febreiro** de 2025 o prazo para o **envío de propostas**.

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).

CONGRESO
INTERNACIONAL
1950-2010:
SEIS DÉCADAS
DE LITERATURA
E SOCIEDADE
EN GALIZA

19-20 DE XUÑO DE 2025,
FACULTADE DE
FILOLOXÍA (USC)



ilg | Instituto
da Lingua
Galega

USC
FACULTADE DE FILOLOXÍA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CONECTA, UNIV. SANTIAGO
FORMACIÓN PROFESIONAL

GOVERNAMENTO DE GALICIA
GOVERNMENT OF GALICIA

Aberto o prazo de solicitude de prazas de prácticas curriculares nos graos da Facultade.

O prazo remata o 10 de febreiro de 2025.

Requisito: ter 120 créditos superados.

Toda a información en:

<https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-filoloxia/SitePages/Pr%C3%A1cticas%20dos%20Graos%202023-2024.aspx>

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Curso Básico de Competencias en Información (2ª ed.)

ORGANIZACIÓN: Biblioteca

CONTACTO: biblioteca.filoloxia@usc.es

DATAS: 28 xaneiro-11 de febreiro

LUGAR: en liña

DESCRICIÓN: Do 28 de xaneiro ao 11 de febreiro está aberto o prazo de matrícula da segunda edición do curso básico de Competencias en Información para o alumnado de grao. O curso desenvolverase entre o 17 de febreiro e o 17 de marzo.

A matrícula realízase a través da Secretaría Virtual da USC. A superación do curso permite obter 1 crédito ECTS e a BUSC emitirá un diploma acreditativo de superación do curso.



1 ECTS

COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN PARA ALUMNADO DE GRAO

NIVEL BÁSICO. 2ª ED.

Queres aprender a buscar información e coñecer cales son as mellores fontes?

INSCRÍBETE!

CURSO EN LIÑA

INSCRÍBETE NA SECRETARÍA VIRTUAL. CÓDIGO: BUSC.2425.2

Matrícula: 28 xan.-11 feb. 2025. Inicio e Fin: 17 feb.- 17 mar.

Actividades/Informacións académicas

OBRADOIROS PARA TFG/TFM



PROGRAMA E DESCRICIÓN DOS OBRADOIROS

Os obradoiros están abertos a todo o estudiantado da Facultade na sala B10. Evento de apertura: Martes, 25.02.2025, 16.00h.

	Martes, 25.02.2025	Mércores, 26.02.2025	Xoves, 27.02.2025
16.00 - 16.45	Xulio César Sousa Fernández <i>Autoría e plaxio nos traballos académicos</i>	Emmanuel Claude Bourgoïn Vergondy <i>Redacción académica en francés: estratexias de argumentación, cohesión e estilo</i>	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico I</i>
17.00 - 17.45	Manuel Negri <i>Valorar a bibliografía co (e no) medio dixital</i>	Cristina Mourón Figueroa <i>O principio do fin ou como 'finiquitar' o TFG: dándolles voltas ás conclusións</i>	María Teresa Sanmarco Bande <i>Como mellorar a nosa técnica de expresión oral no ámbito académico II</i>

18.00 - 18.45	Jorge Fernández Avilés <i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus I: LancesBox*</i>	José Virgilio García Trabazo <i>Lingüística Indoeuropea: etimoloxía, comparación, reconstrución</i>	
19.00 - 19:45	Iván Arias Arias <i>Recursos e ferramentas para a análise lingüística baseada en corpus II: Sketch Engine*</i>		

*Para estes obradoiros rógase levar un computador portátil.

Organización: R. Marta Gómez Pato (gomez.pato@usc.gal). Decanato da Facultade de Filoloxía

Actividades/Informacións académicas

TÍTULO: Chamada a contribucións das IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura 2025

ORGANIZACIÓN: Estudantes do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura

CONTACTO: xornadasusc2025@gmail.com

DATAS: 19, 20 e 21 de marzo de 2025

LUGAR: Auditorio e Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: Por determinar

DESTINATARIAS: Comunidade da facultade

LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:

https://www.instagram.com/xiiielc_usc/?hl=es + https://x.com/xiiielc_usc

DESCRICIÓN: As IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura (IV XIIIIELC) pretenden promover a difusión do labor investigador levado a cabo polo estudiantado de doutoramento e mestrado en estudos da literatura e a cultura. Nesta ocasión celebrarse baixo o tema transversal dos “Problemas epistemolóxicos e metodolóxicos”.

A **recepción de propostas** de comunicación oral e póster está aberta **até o 17 de decembro de 2024**. Pode consultarse toda a información nas nosas redes sociais ou [nesta ligazón](#).



Actividades/Informacións académicas

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pd4_LDJX

ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA
MEI



IRIA
LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUCTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE

ESTAMOS NO
LOCAL DE
ESTUDANTES!!

TERCEIRO ANDAR (AULAS C) ENTRE OS
BAÑOS E AS AULAS PEQUENAS



LUNS 11-12:H SARA
MARTES 11-12H IRIA
XOVES 11-12H SARA
VENRES 11-12H IRIA

TAMÉN PODES FALARNOS POLOS CORREDORES
OU AO NOSO CORREO:

SARAMEI.FERRO@RAI.USC.ES


IRIA.LINARES@RAI.USC.ES



FACULDADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en Instagram!

Instagram



Inicio



Búsqueda



Explorar



facultadefiloloxiausc

Editar perfil

Herramientas de anuncios



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia